

MEMORIA DE PROGRAMA ACADÉMICO CON
PERCORRIDO SUCESIVO EN

MÁSTER EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

VÍA

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Universidade de Vigo

1 Denominación do programa e identificación dos títulos vencellados e do centro responsable

1.1 Denominación do programa.

Programa Académico con Percorrido Sucesivo en máster en Enxeñaría Informática vía grao en Enxeñaría Informática

1.2 Identificación dos títulos.

Código RUCT	Titulación
2501126	Graduado ou Graduada en Enxeñaría Informática pola Universidade de Vigo
4313179	Máster Universitario en Enxeñaría Informática pola Universidade de Vigo

Créditos ECTS do programa: 330

Orde (es) CIN – Profesión (es) regulada (s) para as que habilita (no seu caso)

A profesión non conta con atribucións profesionais, pero existe un marco legal de referencia (Resolución de 8 de junio de 2009, de la Secretaría General de Universidades, por la que se da publicidade al Acuerdo del Consejo de Universidades, por el que se establecen recomendaciones para la propuesta por las universidades de memorias de solicitud de títulos oficiales en los ámbitos de la Ingeniería Informática, Ingeniería Técnica Informática e Ingeniería Química- BOE A-2009-12977).

1.3 Centro responsable.

Escola Superior de Enxeñaría Informática. Universidade de Vigo

1.4 Número de prazas ofertadas.

5

2 Xustificación da viabilidade e do interese académico e social do PARS

2.1 Xustificación da viabilidade.

A viabilidade económica da proposta está garantida, dado que non supón un incremento de alumnado en ningunha das titulacións que conforman o PARS. En consecuencia, non se precisa a contratación de novo persoal académico (PDI, recursos humanos) nin a adquisición de recursos materiais e servizos.

2.2 Interese académico do PARS.

Este programa académico con percorrido sucesivo, grao en Enxeñaría Informática + máster Universitario en Enxeñaría Informática, está orientado á especialización profesional no ámbito da Enxeñaría Informática. Ambos títulos, grao e máster, pertencen ao mesmo ámbito académico e profesional.

O PARS está orientado á especialización profesional, pero mantendo a súa diferenciación e independencia estrutural, coa finalidade de reforzar a formación integral do estudantado.

2.3 Interese social do PARS.

Esta iniciativa beneficia ao alumnado xa que permite que poida matricularse no máster cando queden por superar un máximo de 30 créditos ECTS (incluíndo o traballo de final de grao -TFG-). No caso do alumnado que non estea inscrito no programa, non pode ter máis de 9 créditos ECTS pendentes (excluído o TFG) para acceder ao máster.

Outras vantaxes do programa son a posibilidade de cursar de forma consecutiva estudos de grao e máster, realizar os traballos de fin de grao e de fin de máster de forma simultánea e a maior flexibilidade para cursar as materias dos dous plans de estudos.

O estudante que realice a preinscrición no PARS non adquire a obrigaón de cursar o máster, pode deixar o programa e continuar os estudos de grao.

3 Xustificación da viabilidade da proposta con respecto á capacidade docente do profesorado dos títulos vencellados

A proposta non supón un incremento de alumnado, polo que non afecta á capacidade docente actual do profesorado dos títulos vencellados.

4 Normativa aprobada polos órganos de goberno da universidade sobre o PARS (incluír enlaces)

[Normativa académica que regula os programas académicos con percorridos sucesivos no ámbito da enxeñaría e arquitectura](#) (PARS-EA), aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 30 de outubro de 2023. A Normativa establece e desenvolve os requisitos para a creación, denominación, aprobación e admisión de estudantes dun programa académico PARS-EA. Esta normativa cumpre coas condicións do [RD 822/2021](#) e non implica unha reserva de praza no máster.

5 Procedemento e criterios de admisión para os diferentes perfís de acceso dos/as estudantes.

5.1 Procedemento de admisión.

O acceso e admisión ó Programa Académico con Percorrido Sucesivo en máster en Enxeñaría Informática vía grao en Enxeñaría Informática realizarase seguindo o mesmo procedemento previsto na normativa que regula a admisión e matrícula no grao en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, a través dunha oferta específica de prazas.

Segundo indica o RD 822/2021 na súa disposición adicional novena, o/a estudante poderá abandonar en calquera momento o PARS, tanto se estea matriculado no grao en Enxeñaría Informática como no máster Universitario en Enxeñaría Informática.

5.2 Criterios de admisión.

Os/as estudantes que estean en posesión do título universitario oficial de grao en Enxeñaría Informática que da acceso aos estudos de máster incluídos no Programa Académico con Percorrido Sucesivo, terán acceso prioritario sobre os estudantes do PARS que non obtivesen o título.

Posteriormente, se quedan prazas vacantes seguirase o seguinte orde de prelación para o resto das solicitudes:

- a) Estudantes pendentes de superar o TFG. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida no resto das materias do grao.
- b) Estudantes que, ademais do TFG, teñan créditos pendentes. Neste caso, priorizarase a admisión dos e das estudantes que menos créditos pendentes teñan. No caso de igualdade terase en conta a nota media dos créditos superados.

Os criterios de admisión específicos ó máster Universitario en Enxeñaría Informática valoran os méritos académicos do estudantado e están ponderados, son públicos, claros, non inducen a confusión e son coherentes co seu ámbito académico.

A admisión ao PARS non implica reserva de praza no máster vinculado.

6 Identificación e xustificación das materias do grao cuxa superación pode estar pendente para a admisión no máster.

6.1 Listado de materias (máximo 30 ECTS).

Conforme ao establecido non Real Decreto 822/2021, poderá acceder e matricularse no máster Universitario en Enxeñaría Informática o/a estudante do grao en Enxeñaría Informática ó que lle reste por superar o TFG e unha ou varias das materias optativas que se citan a continuación. En ningún caso de forma conxunta (TFG e materias) poderán superar os 30 créditos ECTS, tendo en conta que o TFG ten unha carga de 12 ECTS:

- Prácticas en empresa I
- Prácticas en empresa II
- Aplicacións con linguaxes de script
- Desenvolvemento áxil de aplicacións
- Desenvolvemento e integración de aplicacións
- Deseño de arquitecturas de grandes sistemas de software
- Métodos avanzados de enxeñaría de software
- Sistemas de negocio
- Creación de contidos dixitais
- Desenvolvemento de aplicacións para Internet
- Dispositivos móbiles
- Técnicas avanzadas de manexo de información
- Tecnoloxías e servizos web
- Teoría de códigos

6.2 Xustificación das materias seleccionadas.

A superación das materias de formación básica e obrigatorias do grao en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo garante que o alumnado traballou e adquiriu a totalidade dos resultados do proceso de formación e aprendizaxe (coñecementos ou contidos, habilidades ou destrezas e competencias) correspondentes ó título. O obxectivo das materias optativas é afondar en competencias xa adquiridas con anterioridade no marco do título.

Polo tanto, considérase que o/a estudante/a posúe a formación suficiente para cursar o máster en Enxeñaría Informática aínda que teña pendente a superación de materias optativas do grao e o TFG.

7 Deseño do programa.

7.1 Xustificación do PARS.

O PARS enlaza o grao e o máster en Enxeñaría Informática, títulos universitarios oficiais vinculados ó exercicio da profesión de Enxeñeiro en Informática, polo que segue as recomendacións do acordo do Consello de Universidades para os títulos oficiais, cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España [BOE no 187, do 4 de agosto de 2009, anexos I e II].

O obxectivo do programa é a especialización profesional no ámbito da Enxeñaría Informática, cunha formación integral e avanzada en todos os ámbitos desta enxeñaría.

7.2 Coherencia e unidade académica do PARS.

A secuenciación do programa proposto se indica a continuación:

Ano	Curso e titulación
1	1º grao en Enxeñaría Informática
2	2º grao en Enxeñaría Informática
3	3º grao en Enxeñaría Informática
4	4º grao en Enxeñaría Informática
5	1º máster en Enxeñaría Informática
6	2º máster en Enxeñaría Informática

O Programa Académico con Recorrido Sucesivo en máster en Enxeñaría en Informática vía grao en Enxeñaría Informática non supón ningún itinerario alternativo ó xa establecido no plan de estudos do grao en Enxeñaría Informática nin no plan de estudos do máster en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo.

A proposta de programa constitúe unha unidade académica coherente, e a planificación proposta e as materias pendentes de superar polo alumnado non poñen en risco a consecución dos resultados da aprendizaxe correspondentes ao máster universitario.

En ningún caso, poderase obter o título de máster Universitario en Enxeñaría Informática se previamente non se obtivo o título universitario oficial de Graduado ou Graduada en Enxeñaría Informática.

8 Mecanismos de articulación dos traballos fin de estudos

8.1 Traballo fin de grao.

A realización e defensa do TFG rexeráse pola [normativa e procedemento da ESEI](#), garantindo tanto o carácter individualizado do traballo como da defensa, así como un informe de avaliación elaborado polo tribunal.

Poderá cursarse de forma simultánea co traballo fin de máster, tal como establece a Normativa que regula os PARS-EA.

8.2 Traballo fin de máster.

A realización e defensa do TFM rexeráse pola [normativa de Traballos Fin de Máster da Universidade de Vigo](#) e o [regulamento propio da ESEI](#), garantindo tanto o carácter individualizado do documento e da defensa, así como un informe de avaliación elaborado polo tribunal.

Tal como establece a Normativa que regula os PARS-EA na Universidade de Vigo, no seu Artigo 3 punto 4 *“O estudiantado poderá realizar traballos integrados de fin de grao e fin de máster, debendo ser traballos diferenciados, pero con continuidade no proceso de elaboración”*.